

ACTA 4ª.

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

Sendo as 11,15 horas do día 01.04.2024 reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 15.11.2023, e cuxa composición foi publicada no BOP do 21.11.2023 e na páxina web e taboleiro de edictos do Concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidente: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

-. Ignacio Soto González.

-. Ana Isabel Candame Areosa.

O obxecto da sesión é a análise das alegacións presentadas polos interesados contra as puntuacións outorgadas polo tribunal correspondentes ao primeiro exercicio da fase de oposición con data 15.03.2024, e que foron publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello con data 19.03.2024.

Dentro do prazo para presentar alegacións, se presentaron as seguintes:

1. JOSÉ MAGDALENA NOGUEIRA (R.E.: 202499900000396, do 26.03.2024).

O interesado alega o seguinte:

1. Pregunta 48.

A resposta c) é, tamén, correcta: o artigo 232 Clasificación das obras da Lei de Contratos detalla o concepto de obra incluíndo as de reparación (puntos 1.a e 4), conservación e mantemento (1.c e 5), restauración (6). Todas estas obras están, ademais, evidentemente incluídas na definición da resposta a). Ningunha das repostas é incorrecta e polo tanto o enunciado non ten solución. Solicito que se anule a pregunta.

Contestación:

O artigo que sinala o interesado fai referencia aos efectos de elaboración de proxectos, pero é o artigo 13.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o que define o concepto de obra aos efectos desta lei, non entendéndose por obra a resposta coa letra c).

Conclusión.

En consecuencia se desestima a alegación.

2. Pregunta 49.

A resposta c) está mal redactada facéndoa incomprendible. Como mínimo debería dicir "correrá a cargo do propietario que a achegou a indemnización correspondente". Tal como está redactado só se pode entender que o propietario achegou a indemnización. Solicito que se anule a pregunta

Contestación:

A resposta c) ten o seguinte texto: A súa extinción correrá a cargo do propietario que achegou a indemnización correspondente. Efectivamente está mal redactada a resposta por erro na tradución ao galego da mesma, que debería dicir: A súa extinción correrá a cargo do propietario que a achegou a indemnización correspondente.

Conclusión.

En consecuencia se estima a alegación, anulando esta pregunta, que pasa a ser substituída pola primeira da lista de reserva.

3. Pregunta 75.

Todas as respostas son condicións xerais das edificacións para obter o título habilitante de acordo con art. 59.a do Regulamento e, polo tanto, non existe resposta correcta ao enunciado. Solicito a anulación da pregunta.

Contestación:

A resposta correcta é a a) Garantir o acceso rodado público adecuado á implantación, porque a pregunta está prantexando cal non é condición xeral e o artigo 59 non fai referencia de xeito literal a esta opción da plantilla, senón ao acceso rodado de uso público.

Como toda vez que a plantilla daba como correcta a opción b) de xeito erróneo, o tribunal acorda anular esta pregunta.

Conclusión.

En consecuencia se desestima a alegación, pero se anula a pregunta polo erro apreciado na plantilla de respostas, que pasa a ser substituída pola segunda pregunta da lista de reserva.

A continuación o tribunal por unanimidade, acorda:

1º) Proceder a outorgar as novas puntuacións como consecuencia da anulación desas dúas preguntas e da súa substitución polas preguntas números 1 e 2 da lista de reserva, obtendo os aspirantes as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	Puntos
LUEIRO GARCÍA, MARÍA	6,80
SILVA SEOANE, CAYETANA	5,90
BARRAL RODRÍGUEZ, GEMA	5,80
SOUTO DOMÍNGUEZ, FÁTIMA	7,40
BÓVEDA CASADO, CARLOS	6,90
ARIAS CARRIBA, MÓNICA	8,90
GONZÁLEZ BLANCO, MARÍA ISABEL	7,10
FERNÁNDEZ ABAD, INÉS	7,20
TARRÍO VILÁ, DIEGO	6,10
MAGDALENA NOGUEIRA, JOSÉ	5,80
FERNÁNDEZ CONSTENLA, LUCÍA	6,90
COUCEIRO LÓPEZ, XOSÉ MANUEL	6,30
HERVELLA GÓMEZ, JOSÉ RAMÓN	7,10

2º) Publicar na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello a acta desta sesión para xeral coñecemento.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 12,17 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.